




Area / Unidade PERSONAL PE0000 SLR	Documento 10816I075P	
Código de verificación  6T27 4S5F 3G5X 5A40 0IX2	Expediente 108/2022/879	
	Data 30-05-2022	

**Asunto:** NOTA ACLARATORIA SOBRE AS PRAZAS DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

Previa negociación coas organizacións sindicais, a Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, en sesión do 29/12/2017 (BOP número 15, do 22/01/2018) aprobou unha modificación da Oferta de Emprego Público (en adiante, OEP) do ano 2017, que incluía as prazas da taxa adicional de estabilización do emprego público derivada do artigo 19.1.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 21/12/2018 (BOP número 247, do 28/12/2018) aprobou unha modificación da OEP do ano 2018, para incluír as prazas derivadas da taxa adicional de estabilización establecida no 19.1.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

Con todo, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consomen taxa de reposición.

Na devandita lei autorízase un terceiro proceso de estabilización do emprego público, adicional aos que regularon os artigos 19.1.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.1.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Este proceso adicional incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outras formas de organización dos recursos humanos; estean contempladas polas distintas administracións públicas e que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Sen prexuízo do que establece a Disposición transitoria primeira, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.1.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.1.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e, chegada a data de entrada

en vigor desta lei, non fosen convocadas ou, sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir.

Para evitar dilacións nestes novos procesos, esixírase que as ofertas de emprego relativas a estes procesos de estabilización se aproben e publiquen nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022, e as respectivas convocatorias antes do 31 de decembro de 2022, debendo finalizar os procesos antes do 31 de decembro de 2024.

Por tanto, a Lei 20/2021 unifica os prazos de aprobación e execución tanto das OEP como das convocatorias e do desenvolvemento do proceso selectivo das quendas de estabilización anteriores (LOXE 2017 e LOXE 2018, e do RDL 14/2021). **As OEP da LOXE 2017 e 2018, e do RDL 14/2021 xa deben estar publicadas e a OEP da Lei 20/2021 debe aprobarse e publicarse antes do 1 de xuño de 2022.**

**As convocatorias aínda non publicadas dos catro procesos de estabilización deben publicarse antes do 31 de decembro de 2022 de forma unificada e todos os procesos selectivos deben finalizar antes do 31 de decembro de 2024.**

A propia Lei 20/2021 establece na súa exposición de motivos: *“Cara ao pasado, a reforma activa no artigo 2 un último proceso de estabilización de prazas de carácter estrutural que se suma aos xa iniciados en 2017 e 2018, e establece prazos taxados para asegurar o cumprimento do fito de execución de todas as ofertas antes do 31 de decembro de 2024, evitando desta forma que se produzan dilacións que comprometan o obxectivo de estabilización de prazas de carácter estrutural. En todo caso, estes procesos deberán desenvolverse conforme aos principios de libre concorrència, igualdade, mérito e capacidade e prevense compensacións para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización”.*

Por todo o exposto, conclúese que o Concello da Coruña ten cumpridas as obrigas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, coa publicación da taxa adicional para a estabilización do emprego temporal, que inclúe as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outras formas de organización dos recursos humanos, estean contempladas polas distintas Administracións Públicas e, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 que establece a devandita lei.

**O cumprimento por parte do Concello da Coruña levouse a cabo coa aprobación, por parte da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado 11/05/2022, da OEP correspondente ao ano 2022 e a súa posterior publicación no BOP número 95 do 20/05/2022. Sendo válidas as OEP que incluían prazas da taxa adicional de estabilización do emprego público anteriormente publicadas (BOP número 15, do 22/01/2018; e BOP número 247, do 28/12/2018) ao amparo da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017 e da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, sempre que, tal e como establece a Lei 20/2021, as devanditas prazas non foran convocadas ou, de ter sido convocadas e resoltas, quedaran sen cubrir.**

As convocatorias de todas as prazas derivadas das tres taxas adicionais de estabilización do emprego público (LOXE 2017, LOXE 2018 e Lei 20/2021) realizarase antes do 31 de decembro de 2022, debendo finalizar os procesos selectivos antes do 31 de decembro de 2024. Así mesmo, os sistemas selectivos empregados para o acceso ás prazas derivadas do proceso extraordinario de estabilización serán os que correspondan en cada caso en aplicación do disposto no artigo 2 e na Disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021.



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O xefe do Servizo de Recursos Humanos

Antonio García Mira